



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 1 DE AGOSTO DE 2024

ASISTENTES

ALCALDE

Ana M^a López Fernández

**CONCELLEIROS/AS
GRUPO P.P**

Miguel A. Pérez Fraguela
Laura García Ruíz
Alberto Balado Ramonde

GRUPO PSGA-PSOE

José M. Alonso Pumar

GRUPO BNG:

Carlos Castro Durán
Pablo Fraguela Casás
Nuria Oliveira Álvarez

AUSENTES

Miguel A. Pérez Fraguela
Miriam Rodríguez Fernández
Carmen del Río Fraguela
Jonathan I. Miranda Lucas

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:

Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día un de agosto de dous mil vinte e catro, reúnense os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M^a López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.



ORDE DO DIA:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:
30/05/2024.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA
SESIÓN ORDINARIA: DO 211/2024 DE 24/05/2024 ATA O 310/2024, DE 26/07/2024.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CALENDARIO DE FESTIVOS LOCAIS
PARA O ANO 2025 (EXPDTE 2024/X006/000064)

4º.- MOCIÓNS

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

.....
**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:
30/05/2024.**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en diante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 30/05/2024, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Carlos Castro solicita que se corrixa o nome de Pablo Fraguela Casás, e o apelido de Nuria Oliveira que aparece incorrecto en algunhas partes da acta.

Coas correccións anteriores, a acta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes, coa abstención de Carlos Castro Durán, por non asistir á mesma.

**2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA
SESIÓN ORDINARIA: DO 211/2024 DE 24/05/2024 ATA O 310/2024, DE 26/07/2024.**



O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CALENDARIO DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2025 (EXPDTE 2024/X006/000064)

Visto o ditame da C.I. Benestar Social, Cultura, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude e Mercado, de data 29/07/2024, que di:

O artigo 30, apartado 7, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece que a Administración Xeral do Estado e as Administracións das Comunidades Autónomas, con suxeición ao calendario laboral oficial, fixarán, no seu respectivo ámbito, o calendario de días inhábiles a efectos do cómputo de prazos. O calendario aprobado polas Comunidades Autónomas comprenderá os días inhábiles das entidades que integran a Administración Local correspondente ao seu ámbito territorial, ás que será de aplicación.

Vista a necesidade de elaborar o calendario de días inhábiles para o ano 2025, xa que a Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración remitiu a esa entidade local oficio de 18/07/2024 requirindo a este Concello para que se lles remita dita información.

A C.I. de Benestar Social, Cultura, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude e Mercado, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte **DITAME**:

PRIMEIRO: Declarar como días festivos locais, e polo tanto, inhábiles, o 4 de marzo de 2025 (martes de entroido) e o 16 de xullo de 2025, respectivamente.

SEGUNDO: Ordear que se publique a presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico do Concello, e que se notifique aos distintos departamentos, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

4º.- MOCIÓNS

4.1 º.- ASUNTO FORA DA ORDE DO DÍA:

O Concelleiro Carlos Castro solicita incluír, na orde do día por razóns de urxencia, unha moción sobre o rexeitamento da subida do canon de Sogama e por un novo modelo de xestión de residuos. Explica que a urxencia ven dada polos seguintes motivos: queren presentar a debate no Pleno con carácter de urxencia a suba do canon que establece Sogama para a xestión de



residuos. Que tras desestimar as alegacións que formulou a Fegamp hai unhos días, que este luns, a executiva da Fegamp volveu a presentar unha resolución apoiada de maneira unánime por todos os partidos políticos en contra desta subida unilateral e arbitraria. Cren que é necesario tratar este tema porque a subida do canon vai a ser asumida de maneira directa ou indirecta por toda a veciñanza.

De conformidade co artigo 91.4 do ROF, procédese a votar a urxencia da inclusión do punto na orde do día, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión.

MOCIÓN PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros e a incineración e co-incineración de residuos, artículase como un tributo de carácter indirecto que recae sobre os residuos que se tratan mediante estas operacións de xestión, e xa está vixente en varias Comunidades Autónomas desde hai anos.

Configúrase como imposto estatal aplicable en todo o estado español, estando prevista a cesión do mesmo ás Comunidades Autónomas mediante a adopción dos correspondentes acordos nos marcos institucionais de cooperación en materia de financiamento autonómico establecidos no ordenamento xurídico.

Así mesmo, a cesión da recadación deste imposto, pode permitir ás Comunidades Autónomas, -no exercicio da súa autonomía financeira-, incrementar o financiamento destinado a medidas de mellora da xestión de residuos que reforcen as opcións prioritarias fronte ás menos sostibles.

A través da Lei 36/2022, do 27 de decembro, pola que se modificou a Lei do Réxime de Cesión de Tributos do Estado a Galiza, materializouse a cesión do referido Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos. Como consecuencia, na Galiza tense previsto ingresar en 2024 a cantidade de 12.150.039 euros.

Conforme ao establecido no punto 1 do artigo 59 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais Galegos para o ano 2024, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da



**CONCELLO
DE CARIÑO**



administración xeral, quedou establecida no 2,3200880 % para o exercicio de 2024, sumando un total de 152.278.987 euros.

A Comunidade Autónoma de Galiza detraeu desta participación dos concellos galegos, entre outros, 12,1 millóns de euros para a creación do Fondo Ambiental, que supostamente é a achega que realiza a Xunta de Galicia para minorar o canon por incineración e vertedoiro. Mais a realidade é que esta achega é realizada polos propios concellos ao ser detraída do seu sistema de financiamento.

Este ano produciuse unha situación excepcional, derivada de que a Consellería de Medio Ambiente non determinou nos orzamentos 2024 o prezo por Tonelada a aboar polas entidades locais, e non publicou a resolución anual pola que se aproba a proposta de revisión do canon unitario que percibirá SOGAMA pola xestión de residuos domésticos ou urbanos no ano 2024. Agora, xa máis de mediado o ano 2024, SOGAMA propón fixar un canon medio de 78 euros por tonelada (68,05 euros de xaneiro a xuño e 88,05 euros de xullo a decembro).

SOGAMA, a través dun escrito remitido á Fegamp, e nunha información elevada a todos os concellos, anunciou que a Xunta de Galiza alcanzará 9 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local adicional, co fin de minimizar o impacto da medida sobre as entidades locais, polo que o canon final sería de 66€/tonelada de media anual.

A Fegamp, como entidade asociativa máis representativa das entidades locais, formulou alegacións manifestando a súa oposición á suba do canon.

Resulta paradoxal que, sendo o Goberno do PP no seu día o que preveu, coa creación de SOGAMA, unha xerarquización nas opcións de tratamento dos residuos, que preferiu optar pola incineración con recuperación de enerxía e non incluíndo o tratamento de compostaxe (que se considerou como unha forma de valoración alternativa a pesar da oposición de moitas entidades locais), sexa agora o que se beneficie dos ingresos do imposto que penaliza esta opción.

O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.



Para evitar esas perniciosas consecuencias para o Concello, o Grupo Municipal do BNG propón ao resto da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Instar á Xunta de Galiza a:

a) O reparto entre todos os concellos galegos dos 12.100.000 de euros do Fondo Adicional utilizando como criterio de reparto o do número de toneladas depositadas por cada concello, pois trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraída do FCL.

b) A achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos, pola que se orzamentaron inicialmente 12.150.039 euros, para implementar bonificacións no canon dos concellos, e así, deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo.

c) A creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a Fegamp, para determinar as condicións do canon para o ano 2025 – antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano – e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto colector, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos bioresiduos, con sistemas de compostaxes domiciliaria e comunitaria.

A Alcaldesa comenta que lle parece unha barbaridade esta subida e que dende os Concellos teñen que traballar para que os volumes de residuos baixen, xa que a maioría da xente tira todo ao lixo, pero que a xente que non ten opción de facer reciclaxe suma toneladas, e iso fai que se paguen moitos cartos. Indica que se deben de reducir as bolsas de lixo con máis peso, xa que vai todo ao mesmo sitio e iso suma toneladas. Engade que a subida resulta brutal e que se trata de un gasto manifesto para un Concello pequeno como Cariño. Di que está de acordo para mellorar isto e protestar tanto na Xunta de Galicia como noutros organismos.

Carlos Castro comenta que en moitos Concellos pequenos resulta inasumible o custe que se vai a pasar en taxas á poboación.



**CONCELLO
DE CARIÑO**



Toma a palabra José M. Alonso, comentando que se trata de un tema vello e recorrente, xa que o Concello de San Sadurniño perdeu unha sentenza, fai anos, nun tema de subida contra a Xunta de Galicia. Explica que a Lei de Bases de réxime local di que os Concellos de menos de 5.000 habitantes teñen a obriga legal de efectuar recollida de lixo, pero non de tratamento, e iso é unha situación moi paradóxica. Di que o Concello de Cariño pagaba máis de 100.000 euros en recollida de lixo, soamente a do contenedor verde, xa que o resto van por outro lado.

Engade que a Xunta de Galicia di que eles poñen cartos do Fondo de Cooperación Local e que os Concellos tamén poñen, pero a realidade e que os Concellos pagan dúas veces. Pon un exemplo de Concellos que non están acollidos a Sogama, que non chegan a pagar 60 euros por tonelada. Indica que é unha barbaridade e que votan a favor.

Carlos Castro di que o bo sería chegar a facer un debate no Parlamento para ver os pros e contras dos dous sistemas.

O Pleno corporativo por unanimidade dos seus membros

ACORDA:

1.- Instar á Xunta de Galiza a:

a) O reparto entre todos os concellos galegos dos 12.100.000 de euros do Fondo Adicional utilizando como criterio de reparto o do número de toneladas depositadas por cada concello, pois trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraída do FCL.

b) A achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos, pola que se orzamentaron inicialmente 12.150.039 euros, para implementar bonificacións no canon dos concellos, e así, deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo.

c) A creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a Fegamp, para determinar as condicións do canon para o ano 2025 – antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano – e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto colector, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou



financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos bioresiduos, con sistemas de compostaxes domiciliaria e comunitaria.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

CARLOS CASTRO realiza as seguintes PREGUNTAS:

1.- Solicita que se amplíen as cadeiras para o público, pois quédanse a veces curtas debido ao número de asistentes.

2.- Insiste, como en plenos anteriores, na retransmisión dos plenos en directo.

3.- Pregunta se miraron a Lei de benestar animal para buscar unha solución ao problema das colonias de gatos.

A Alcaldesa explica que noutros Concellos fan pequenas asociacións que se fan cargo destas colonias e que solicitan subvencións para iso, pero ela non ve que como Concello, se poidan solicitar este tipo de axudas en Cariño.

4.- Pregunta se o Concello se fai cargo dos gastos do accidente que tivo a secretaria do xulgado de paz, cando ía traballar. Entende que a solución é que se realice a Relación de postos de traballo por parte do Concello. Indica que ante situacións similares, que noutros Concellos existen convenios coa Xunta de Galicia, para regularizar a situación do persoal do xulgado de paz. Roga que busquen unha solución e que falen coa Consellería de Presidencia.

5.- Pregunta porque os baños da praia de Fornos están pechados.

A Alcaldesa explica que os baños teñen o teito caído, e que hai que arranxalos, pero que non sabe se dará tempo este verán.



6.- Di que no aparcamento da praia de Fornos que hai un tronco no medio, e pregunta se se pode sacar.

O concelleiro Alberto Balado resposta afirmativamente.

7.- Comenta que na praia da Concha que hai restos de refugallos procedentes do San Xoán, e pide se se pode limpar máis a zona.

Laura García dille que falará con Servigami para que limpen por alí.

8.- Di que na praia da Concha tamén hai restos dunha carretilla oxidada, e solicita que se recolla.

9.- Comenta que moita xente di que no Peiral hai verteduras de fuel. Que o comentaron con unha asociación de Noia que leva estes temas e que lles dixeron que había que poñerse en contacto con Salvamento Marítimo.

10.- Fala das continuas verteduras no río Mera, e que a xente está preocupada. Di que os compañeiros do BNG de Ortigueira que sacaron fotos con peixes mortos. Pide unión para mirar este tema.

A Alcaldesa dille que os biólogos están a mirar este problema. E que se sabe de onde ven, que tamén hai que actuar.

Carlos Castro pide unidade entre todos os Concellos para denunciar ante a Xunta de Galicia este tema.



11.- Di que en moitas ocasións falaron de arranxar determinadas estruturas da vila, pero que lles da a impresión de que non hai ganas de buscar unha solución por exemplo ao tema dos parques que están deteriorados.

Alberto Balado dille que esta o carpinteiro facendo determinadas pezas dos parques pero despois que hai que pñtalas, e que leva tempo.

Comenta a Alcaldesa que ganas que hai pero que non hai cartos.

12.- Di que o Concello de Cariño forma parte da Rede española de cidades saudables, que está en vigor unha axuda, que remata o vindeiro 05/09/2024, indicando que sería interesante que o Concello presentara algún proxecto.

Pregúntalle a Alcaldesa se eles teñen algunha proposta, e Carlos Castro respostra que eles son os que gobernan.

13.- Pregunta qué teñen presentando dentro do plan de envellecemento activo, xa que aquí se convocan tamén axudas.

Laura García comenta que xa se solicitou unha subvención en relación con este tema, explica que se van a facer cursos para maiores, excursións, diversas actividades, como cine, etc...

Carlos Castro pregúntalle se se fai todo en Cariño ou tamén nas parroquias.

Laura García di que ao principio, cando gobernaba o PSOE, que as actividades se facían en Feás, pero que debido á falta de xente que esas actividades se suprimiron, que agora intentaron poñelo nas parroquias pero que non hai xente suficiente, e que volverán a intentalo este ano.

14.- Pregunta polo centro de día, xa que a xente insiste no tema.



A Alcaldesa di que o falaron coa Xunta de Galicia pero que se trata dun megacentro, que por exemplo, San Sadurniño ten un centro máis pequeno, adaptado ás necesidades do pobo. Engade que en Cariño resulta complicado invertir na rehabilitación, xa que é moi custosa. Di que unha posibilidade é que proliferen as casas dos maiores xa que funcionan moi ben, por exemplo en Landoi. Que se trata de actuacións subvencionables pola Xunta de Galicia, que se trata de un proxecto beneficioso para a xente maior e que crea postos de traballo.

15.- Indica que cando repasaron os Decretos da Alcaldía que viron unha subvención de arredor de 54.000 euros, quedando unha cantidade máis pequena para a compra de contenedores de todo tipo. Explica que o camiión de recollida de lixo que ten problemas, e que xa avisaron dende xaneiro . Pregunta se non sería mellor arranxar o camiión con eses cartos.

A Alcaldesa resposta que o camiión xa se levou varias veces ao taller e que non o dan arranxado, e que hai que mirar a posibilidade de mercar un camiión novo, xa que o existente é moi vello e ten moito trote.

16.- Pregunta como vai a obra da Etap do Castro.

A Alcaldesa explica que os filtros están cambiados, e soamente falta poñer unha bomba, e que remataron a obra no tempo que dixeron. Engade que se ve unha melloría da auga, e que nos metais tamén hai cambio, e que agora están a mirar de ampliar as zonas de captación de auga porque hai medidas que poden variar e que non son capaces de eliminar os filtros. Di que antes había un nivel de 150 e que agora o poñen a 100, e que a maioría dos Concellos non cumpren estes niveis. Que se está mirando de subsanalo.

Carlos Castro lembra que os últimos análises da auga publicados son os de maio, e Laura García di que cando veñan que se colgarán.

Carlos Castro di que a auga segue a ter turbidez. A Alcaldesa dille que pasa, ás veces, cando chove, que lles dixeron que cos filtros de carbono que se eliminaría pero que hai que



**CONCELLO
DE CARIÑO**



comproballo, e que están a traballar no tema. Que o problema é que os tanques de abastecementos son moi antigos.

17.- Di que na zona da beirarrúa da Pedra, á altura do número 66, que hai un sumidoiro en mal estado, que provoca moitos cheiros.

18.- Tamén comenta o mal estado da pista de Lourido, que se atopa sen rozar.

Alberto Balado dille que xa está limpa.

19.- Pregunta a data para o arranxo da cuberta do polideportivo.

A Alcaldesa dille que está todo o mundo de vacacións, e que hai que facer unha pequena obra, e que están co proxecto.

20.- Comenta sobre a mostra de teatro, que na opinión do seu grupo se trata de a actividade máis importante a nivel cultural do Concello, e que o esforzo do goberno municipal que ten que ser máximo neste aspecto. Que se atoparon con moitos erros informáticos este mes. Piden tamén que se fagan as comunicacións en galego e non en castelán, xa que se trata de un evento que pon a Cariño no mapa a nivel cultural de toda Galicia. Insiste en que se contrate a un normalizador a través da subvención da Deputación, que pode ser compartido por varios Concellos da zona.

Laura García explica que se leva traballando na mostra un ano, que todo o mundo comete erros no tema das redes e que non hai que ser crítico con iso. Que os periodistas que levan as comunicacións que estarían saturados e que probablemente cometerían erros, que é a empresa Ártabra o que leva este tema.

21.- Pregunta pola autoría do cartel da mostra de teatro.

Laura García dille que o fixo unha persoa anónima.



Carlos Castro dille que se trata de unha imaxe que xa existe, que foi copiada.

A Alcaldesa dille que para conseguila que hai que pagar, que o cartel foi modificado e adaptado ao Concello de Cariño, e que iso está dentro do límite legal.

Pregúntalle Laura García qué lle parecen a calidade das obras, independentemente de todo o que critica, ao que Carlos Castro di que as obras están ben.

22.- Carlos Castro pregunta cales foron os motivos do cambio de data da mostra. Laura García dille que foi por petición veciñal simplemente.

Carlos Castro dille que haberá que ter en conta os datos de afluencia a esta mostra, a efectos de sucesivos actos.

23. Pregunta pola subida de prezos dos bonos do teatro.

A Alcaldesa explica que a mostra de teatro que ten un custo bastante grande, aínda que existe unha parte subvencionada, e que en outros Concellos os bonos de teatro custan 35 euros por exemplo. Comenta que en Cariño se paga 26 euros por un bono, e que están incluídas cinco obras, e que subir os prezos cada certo tempo que non está mal, xa que a recadación do ano pasado foi baixa, de tres mil e pico euros.

24.- Carlos Castro pregunta polo Pepri, indicando que a Alcaldesa dixo fai pouco que estaban co tema nos servizos técnicos.

A Alcaldesa dille que se falou que hai que poñer a dous funcionarios para que realicen as notificacións aos propietarios, pagándolles unha gratificación, pero que agora é mala época, xa que a xente está de vacacións, para poder determinar quenes poden ou queren facer ese traballo.

25.- Pregunta polo trámite de exposición pública do PXOM.



A Alcaldesa comenta que lle dixeron á arquitecta que reanudara o tema, pero que Divina fai pouco que entrou.

José M. Alonso matiza que a arquitecta leva dous anos traballando no Concello.

26.- Carlos Castro realiza unha reflexión, indica que os alugueres de vivenda en Cariño se están a disparar, pregunta se teñen algunha medida en relación con isto.

A Alcaldesa dille que non, e que non hai vivendas que se poidan adquirir para poñelas máis asequibles.

Carlos Castro comenta que por exemplo en Santiago se intentou regular ese tema.

27.- Pregunta se están a apoiar aos emprendedores mediante axudas.

Ana López dille que agora mesmo que hai que aprobar os orzamentos, e que se incluírán liñas de axudas para as empresas.

28.- Pregunta se se está aproveitando que o Concello de Cariño pertence ao Xeoparque, xa que non ven moita involucración nin promoción do municipio.

A Alcaldesa dille que se está a facer máis promoción que antes, máis publicidade..e que de feito en turismo que se move bastante.

Carlos Castro dille que non teñen esa impresión.

A Alcaldesa insiste en que se fai promoción de Cariño.



29.- Carlos Castro comenta que notan unha falta de sinalización polo contorno. Rogan que falen coa Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña para mellorar a sinalización do municipio.

30.- Comenta que no último pleno que pediron que se pintara a rúa dos taxis.

A Alcaldesa dille que falaron con Igor para que mirara o tema.

31.- Pregunta pola listaxe de rúas con prioridade de arranxo.

Alberto Balado comenta que hai moitas rúas que necesitan amañarse.

A Alcaldesa comenta que urxe amañar a rúa Curros Enríquez a través de un POS ou de outra subvención.

Alberto Balado tamén comenta que as rúas Pousadoiro e Lourido tamén están destrozadas polo paso dos tractores.

A Alcaldesa comenta que ve como solución facer pistas alternativas para o paso dos tractores.

32.- Carlos Castro comenta que botan de menos a sinalización dos arenais no tema das autocaravanas.

A Alcaldesa dille que foi a sacar fotos varias veces pero que a xente non fai caso, que se poñen as sinais, e despois se quitan.

33.- Pregunta como vai o tema da roupa de traballo para o persoal.



A Alcaldesa comenta que se está a chamar á xente para que vaia a probar a roupa, pero que moita xente non está indo.

34.- Pregunta se se solucionou o tema da quilometraxe das traballadoras do SAF no casco urbano.

A Alcaldesa resposta negativamente.

35.-Fai constar unha preocupación das traballadoras do SAF, que os traballadores municipais non están dispoñibles os fines de semana. Pregunta se se poden facer turnos entre os empregados municipais para cubrir os fines de semana, xa que as traballadoras non teñen claro a quen chamar.

A Alcaldesa dille que normalmente hai unha comunicación continua e que se trata de falar coa empresa, pero que hai conflitos.

Laura Garcia comenta que por parte da empresa que sempre hai unha coordinadora de garda, e que estaría ben ter unha persoa do Concello de garda os fines de semana.

Carlos Castro dille que como empregado público, que sería interesante organizar ese traballo, e que iso se gratifique de algunha maneira para que o sistema funcione ben.

A Alcaldesa dille que ela ou Laura sempre están co teléfono do Concello os fines de semana.

36.- Pregunta polo cronograma da festa do pulpo.

A Alcaldesa dille que faltaba documentación e que por iso non se concedeu autorización para o espectáculo de motos, pero que para a festa si.



Pregunta Carlos Castro se se fixeron os requirimentos en prazo.

A secretaria resposta afirmativamente.

A continuación, José M. Alonso formula as seguintes preguntas e rogos:

1.- Insiste en que se retransmitan os plenos. Di que eles foron dando pasos no Concello de cara á dixitalización e modernización, e que moito do traballo hai que agradecerllo á secretaria. Pero para evitar que precisamente a secretaria siga tomando notas nos tempos que corren, que ven interesante o tema das videoactas, para que quede a acta oficializada.

A Alcaldesa di que non van a gastar en ese tema, que prefire investir nos servizos sociais.

2.- Comenta o tema do río Mera. Di que houbo denuncias de institucións, que o Concello de Cerdido denunciou a través da Fiscalía á Consellería de Medio Ambiente, pero que é un tema que se está a tapar, e que isto ten que ver coa moción que presentou anteriormente o BNG. Engade que cando entraron na Rede de Cidades Saudables que era para acceder a esas axudas, e que anima ao goberno local a presentar algún proxecto ou aportar entre todos ideas. Que o mesmo se fixo cos ODS, era un proxecto subvencionado pola Unión Europea no noventa e nove por cen. Pregunta que lles parece o informe resultante dos ODS, xa que a outra vez preguntou e que contestaron que non o miraron, pero que o traballo xa está pagado.

Ana López contesta que non viu o informe como debería, que está ben pedir subvencións e axudas porque se se quere que no pobo se faga a compostaxe que hai que aportar medios.

Dille José M. Alonso que por iso se solicitou esa auditoría previa que se fixo, e que a anima a que lea o informe.

Ana López dille que viñeron empresas pedindo tamén os colectores marróns.



José M. Alonso dille que é obrigatorio por lei poñelos.

Ana López comenta que supón maior gasto

José M. Alonso dille que en teoría coa lei vai unha liña de acompañamento para financiar o gasto.

3.- Comenta que no anterior pleno o equipo de goberno dixo que ían na liña de facer os orzamentos, e que a intención era incluír as axudas a emprendedores. E que se alegra de que se fagan os orzamentos porque non tiña claro que os foran a facer.

4.- Comenta o tema da vivenda, e cre que a situación en Cariño é bastante distinta que a de Santiago. Que el no último pleno que preguntou pola situación do Pepri, e que se alegran que se vaian a facer as notificacións. Engade que en Santiago hai un problema de ausencia e especulación de vivenda. El cre que en Cariño teñen o problema contrario, que saíu en prensa que Cariño ten o m2 máis barato. Explica que no casco antigo hai moitas vivendas con dificultades, e que hai vivendas novas no ensanche do pobo que se caen a cachos, Que hai vivenda pero que paradóxicamente non hai vivenda, e que hai que converter ese problema nunha solución. Piden que se saque o Pepri, que apostan por el e que soamente falta notificar aos propietarios e expoñelo ao público. Que el antes das eleccións deixou o decreto de aprobación inicial sobre a mesa da secretaria, xa que non se podía tramitar por estar en administración ordinaria. Pídelle á Alcaldesa que vaia a falar co Sareb para buscar unha solución para esas vivendas. Pregúntalle á Alcaldesa cal é a súa opinión sobre ese tema.

A Alcaldesa comenta que cando os propietarios son unha empresa que está en quiebra, que non hai ninguén que se faga cargo, e que ao final hai edificios que non están legalizados.

José M. Alonso dille que eses edificios se poden declarar en situación de fóra de ordenación aos seis anos, sen ter licenza, e de ese xeito quedan legalizados. E que de feito, en Cariño hai moitos edificios en fóra de ordenación.



5.- Pregunta como está a obra de demolición da nave de Doutor Soneira.

A Alcaldesa explica que está en marcha, que o xefe de obra dixo que no proxecto faltaba un poste e que estiveron peleando coa empresa para que cambiaran o poste que estaba no medio da rúa, xa que non estaba no proxecto. E que agora están comezando coa demolición.

6.- Pregunta pola obra da rúa Sanchola que quedou deserta.

A Secretaria explica que o proxecto está pendente de modificarse por Igor.

7.- José M. Alonso alégrase de que se vaian solucionando os problemas coa auga. Que a Alcaldesa dixo que non houbera retraso coa obra, pero que iso non é certo porque no pleno anterior dixo que en un mes estaría rematada, e que agora di que falta un filtro. Pregunta se se emitiron todas as certificacións.

A Alcaldesa resposta afirmativamente.

8.- Pregunta pola situación da praza vacante de médico do centro de saúde.

A Alcaldesa di que esa praza está sen cubrir, xa que non a quere ocupar ningún médico.

José M. Alonso di que teñen que estar vixiantes para que a praza non se amortice.

A Alcaldesa dille que iso non é unha opción, que é obrigatorio ter tres prazas de médicos polo ratio de habitantes de Cariño.

9.- Comenta o cambio de datas da mostra de teatro, e di que está de acordo co BNG, xa que a mostra está por enriba de quen governe o Concello. Que a nivel cultural os sitúa no mapa



galego. Que Laura dixo que estaban con Ribadavia, pero que a mostra con máis edicións de toda Galicia é a de Cariño. Cren que o cambio de datas requiría consenso, e que eles non percibiron que houbera presión social por cambiar as datas. E que hai xente que colle as súas vacacións para asistir á mostra de teatro. Roga que cousas tan importantes como esta, que se falen e consensuen previamente entre todos, e que ogallá aínda funcione mellor co cambio de datas.

A Alcaldesa di que a mostra da moito traballo, e que non cambiaron as datas porque lles deu a gana, senón porque houbo algunha petición para facelo.

10.- Fala do tema do cartel da mostra, di que se trata de un plaxio pouco orixinal, que se fusila un cartel con dereitos e que se pon no mesmo un faro e os aguillóns.

Ana López dille que cando se paga se ten o dereito de facer coa imaxe o que queiras.

José M. Alonso comenta que se pos esa imaxe que aparece en google, que din que se trata de unha aportación anónima pero que nas Administracións públicas rexe o principio de transparencia, e que el como concelleiro, ten dereito a saber que fixo o cartel.

Laura García dille que se hai plaxio que xa se recibirá a correspondente denuncia.

José M. Alonso di que eles queren saber quen foi o artista que fixo o cartel, ao que resposta a Alcaldesa que foi o seu marido, que o fixo de forma gratuíta.

José M. Alonso di que hai que saber separar as cousas, e que o fundamental é saber se se pagaron os dereitos de autor.

A Alcaldesa dille que se pagaron, xa que se non se pagaran non se podía facer uso desa imaxe.



José M. Alonso advirte do perigo que iso conleva, se non se pagaron dereitos, que o denunciante vai a denunciar ao Concello e despois éste terá que revertir a responsabilidade ao marido da Alcaldesa.

Laura García di que lle parece bastante triste que nun pleno soamente se comente en relación coa mostra de teatro o cambio de datas e os erros que se cometeron.

José M. Alonso dilles que antes falaron das contías das subvencións da mostra, que comentaron que a Deputación concedía arredor de 20.000 euros, e pregunta polos cartos que concede a Xunta de Galicia.

Laura García dille que cinco mil e pico de euros.

José M. Alonso comenta que fai dous anos que a Xunta concedera sete mil euros e pico.

A Alcaldesa comenta que o que non se pode facer é gastar 80.000 euros na mostra de teatro, como eles fixeron, e ter os servizos sociais sen pagar.

11.- Pregunta quen organizou a festa do Carme.

A Alcaldesa resposta que o Concello e a Cofradía.

Pregunta Alonso Pumar se houbo algunha razón pola que non se mandaron invitacións aos grupos municipais.

A Alcaldesa di que ela nunca recibiu invitación pero que ía igualmente sen invitación, e que llo diga á Cofradía.

José M. Alonso coméntalle que acaba de dicir que este ano organizou o Concello e a Cofradía.



12.- Pregunta se hai algunha razón polo que a festa de Feás non se publicitou no Facebook do Concello.

A Alcaldesa dille que non o sabe.

Laura García comenta que se non se publicitou, que sería un erro.

José M. Alonso comenta que en Feás tiñan certo mosqueo pola festa do cocido tamén, e que se pode xerar unha suspicacia na parroquia.

13.- Pregunta se non se publicitou a feira do pulpo.

A Alcaldesa dille que había unha notificación de que un dos eventos non estaba autorizado.

José M. Alonso dille que aínda así se podía publicitar.

Laura García comenta que non se fixo por un tema legal.

14.- José M. Alonso indica que dixeron no pleno anterior que ían conceder as axudas ás asociacións dos anos 2023 e 2024, e pregunta se seguen mantendo a súa palabra.

A Alcaldesa dille que o van a intentar.

15.- Pregunta á Alcaldesa se se reuniu co presidente da Deputación.

A Alcaldesa resposta que non, que o viu no Xeoparque e que falou con el.

16.- Pregunta polos convenios da Casa da Cultura e do polideportivo.



A Alcaldesa comenta que se lles mandou o acordo pero que non teñen contestación, que volveron a insistir pero que non hai contestación.

José M. Alonso di que no último pleno que eles dixeron que era unha cuestión administrativa e non política, e que teñen certo medo que se poidan perder os cartos.

17.- Pregunta se concederon a subvención para os miradoiros.

A Alcaldesa comenta que si, pero que non había crédito para a parte que tiña que aportar o Concello, que era o 20%.

18.- Fala de que o BNG comentou que o Concello non tiña o peso suficiente no Xeoparque, que el vindo para o pleno, que pasou pola praza Roxa e que viu as carpas da caldeirada, e que no Facebook do Concello que se publicita a caldeirada e que se comparte fai un día a publicación do xeoparque, pero que aquí non se publicita a caldeirada.

A Alcaldesa comenta que llo diga ao presidente do xeoparque, xa que publicitou a festa do percebe de Cedeira e non a caldeirada de Cariño. Que eles recalcaron a mostra de teatro que é a que máis anos leva, e que a ela tampouco lle parece ben que non publiciten a caldeirada.

José M. Alonso di que lle parece un agravio que se publicite como feira gastronómica a do percebe de Cedeira, e non a da caldeirada tamén.

19.- Por último, dille José M. Alonso a Laura García que non entre ao trapo nas redes sociais, que se está a facer dano e que non vale a pena meterse, que é o seu consello a nivel persoal. Que afecta á súa imaxe pública, e que iso tamén afecta á imaxe do Concello, xa que ela é tenente de alcalde, e que non vale a pena por desgaste persoalmente.



E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cinco minutos.

A Alcaldesa

Asdo.- Ana M^a Fernández López

A Secretaria

Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE